

Entrevista a Marilar Aleixandre

Clara García Vila



Fotografía: Distrito Xermar

Poeta, narradora, ensaísta, tradutora, bióloga, profesora de ensino secundario e da Universidade de Santiago de Compostela... Así de polifacética é Marilar Aleixandre. Estas súas facetas foron recoñecidas con múltiples premios ao longo da súa carreira, dende o primeiro Premio Merlín por volta de 1994, ata o máis recente Premio Nacional de Narrativa de España no 2022. Unha galega de seu é a figura da profesora, malia ter unha árbore xenealóxica que enraíza en diversos puntos do Estado español. Mais, finalmente, acabou os seus primeiros anos de vida profesional en Galiza, onde fica actualmente.

—En primeiro lugar, queremos agradecerlle profundamente que nos dedicara esta entrevista, especialmente tendo en conta o atarefada que está dende o seu galardón co Premio Nacional. Sumámonos aos parabéns colectivos.

— Como chega, na súa andaina vital, a Marilar escritora?

Escribía desde os anos de universidade; non antes porque na escola cando eu estudaba non se contemplaba que puidésemos crear; en

realidade nin sequera me mandaron ler libros completos, unicamente *Las inquietudes de Shanti Andía*, de Julio Caro Baroja, inadecuado para os meus 12 anos. Porén, sempre fun unha voraz lectora, desde *Celia* de Elena Fortún e *A Iliada* e *A Odisea*, que lin aos 13 ou 14 anos, porque sentín curiosidade ao ler o resumo —o único que tiñamos que estudar dos libros— no texto de literatura. De moito ler acabei escribindo. Mentres cursaba bioloxía escribía relatos a man, que intercambiabamos con outros compañeiros que escribían. Un deles, sobre vampiros, recupereino en galego en 1996, “Agardando polos morcegos”, nunha antoloxía de contos de medo editada por Silvia Gaspar. Ao chegar a Galicia aprendín galego por inmersión na casa do meu compañeiro Ramón Facal, en pouco tempo daba aulas de ciencias en galego e escribíamos materiais de bioloxía en 1976, porén dominar a lingua literaria levoume algúns anos máis e publicar máis aínda.

—No seu discurso de ingreso á RAG, que estes días cumprirá seis anos, pronunciou as seguintes palabras: “Adoito dicir que eu nacín dúas veces, a primeira en Madrid, o un de maio de 1947; a segunda en Vigo na primavera da Revolución dos Caraveis en 1974”. Como se conxugan, na súa personalidade, estas dúas identidades?

Son máis de dúas as identidades que compiten pola miña voz, por iso digo ás veces que son un bicho coa lingua gallada. A investigadora sobre aprendizaxe da argumentación e o pensamento crítico ocupou unha parte considerable do meu tempo, e da miña escrita de artigos e libros en inglés até a xubilación. Iso é o que chamo ter dúas voces na gorxa que ameazan con esganarme. Escribir unha novela require unha dedicación

continuada, mergullar no mundo da novela e ao deixala por un tempo hai case que empezar de novo. Porén, hai temas que atravesan tanto o meu empeño investigador como a literatura, así o acceso ao coñecemento, compartir coñecemento. En *As malas mulleres* hai mulleres que ensinan a ler a outras, Paquita a Sisca ou Juana de Vega e Concha Arenal ás presas, e isto último é histórico, crearon unha escola na Galera até ser expulsadas dela. En Vigo, cando cheguei no curso 1973–1974 falábase galego, sobre todo en barrios como o do Calvario onde eu vivía, tamén nos círculos da resistencia clandestina ao franquismo nos que eu me movía. Seguí unhas clases de galego impartidas clandestinamente –todo o interesante era clandestino daquela, transcorría nas marxas– por Francisco Carballo.

—No momento no que decide, na súa vida adulta, escoller a Galiza como o seu fogar, sendo consciente da situación do galego nesas décadas, como nace o interese polo idioma? Como foi o seu contacto con esta lingua?

Eu creo que calquera falante que teña o castelán como lingua nai pode entender o galego, a distancia interlingüística é moi pequena. Antes de me instalar en Galicia, ou pensar en facelo xa lera libros en galego –tamén en catalán, por certo–, *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro e *O atraso económico de Galicia* de Xosé Manuel Beiras. Trouxéraos Antón Beiras Cal nunha viaxe a Madrid; a través de Carmen Vázquez que vivía comigo en Madrid trabeei amizade cos irmáns Beiras Cal. As linguas sempre me fascinaron, cronoloxicamente o galego é a cuarta que aprendín, despois do castelán, a miña lingua nai, o francés, o inglés aprendido traballando de *au pair* (traduzo, lavando cus de nenos) en Irlanda; iso sen contar o cordobés de Doña Mencía, a vila natal do meu pai. Cando en 1974 Ramón Facal e mais eu iniciamos unha longa relación, a aprendizaxe por inmersión foi rápida.

—Así mesmo, a meirande parte da súa obra está escrita en galego, malia ser falante tamén de castelán. Hai algunha posición consciente nesta escolla ou está aberta tamén á creación nesta lingua?

Toda a miña obra literaria, non a meirande parte, está en galego; os traballos de investigación poden estar noutra lingua, inglés, sobre todo, tamén castelán, francés e portugués. O acto de escribir nunha lingua e non noutra –sobre todo o de escribir nunha lingua distinta da lingua nai e que xerarquicamente está en posición

máis baixa– é sempre consciente. É unha decisión emocional e tamén política. Outra cousa é considerar que a literatura é literatura, non se lle debería atribuír a carga de levar mensaxes explícitas sobre o galego ou sobre calquera outra cuestión.

—Débese separar a autora da súa obra? No seu caso persoal, concibe algunha diferenza entre a “María Pilar Jiménez Aleixandre” e “Marilar Aleixandre”?

Á primeira parte da pregunta, a autora e a obra teñen existencia diferentes, aínda que por descontado hai influencias na obra, os libros reflicten as nosas experiencias e dilemas. Eu, Marilar, teño unha vida propia distinta dos meus libros, máis tendo en conta que sempre sitúei vivir por riba de escribir. Sobre as relacións entre autora e personaxes, autora física e voz narrativa, remito ao libro *O coitelo en novembro* (2010) no que a historia de continuidade, o marco, trata desas relacións ás veces problemáticas. En canto ás diferenzas entre “María Pilar Jiménez Aleixandre” e “Marilar Aleixandre”, a primeira é a investigadora en argumentación, aprendizaxe das ciencias e pensamento crítico, cun perfil alto –un artigo que con 1800 citas é o de autoría española máis citado en educación e psicoloxía, un índice h de 43, o premio DCRA en 2019, por exemplo– e a segunda é escritora en galego.

—A súa traxectoria escrita é, como dixemos, polifacética: escribiu narrativa (para adultos e crianzas), poesía, tradución, ensaio... A que responde este pulo creador?

Creo que todo o que escribimos forma parte dun mesmo texto. Hai temas como a violencia –e falo da violencia social, estrutural, non da violencia a tiros e liortas dunha parte da novela negra– que atravesan todo o que escribo, desde a violencia contra as mulleres, á violencia sobre as excluídas, os excluídos, nos cárceres como n’*As malas mulleres*, nos manicomios –poema “á boca da noite” en *Describindo*. Os meus estudos e publicacións sobre educación ambiental e pensamento crítico parten dunha visión na que nós somos parte da natureza, dunha empatía cos animais non humanos, as herbas ventureiras, o que tamén forma parte da miña poesía e narrativa.

—Pensa que a súa formación científica como bióloga influíu na súa escrita e no seu papel como divulgadora cultural do sistema literario galego? Especialmente tendo en

conta que se adoita relacionar cultura galega con literatura, música, pintura....

É difícil separar as identidades que forman parte dunha mesma e cústame imaxinar como sería a miña escrita e a miña vida de non ser bióloga. Decía na resposta anterior que todas as dimensións están trezadas, que son feliz cando podo camiñar polo monte ou polos areas e iso trasládase na miña escrita. Por outra banda divírteme crebar estereotipos, teño formación de bióloga, non de literatura –aínda hai quen pensa que todas as escritoras son filólogas–, nacín en Madrid nunha familia sen relación con Galicia, teño certa prevención aos adxectivos, adverbios e esdrúxulas.

—Vimos de coñecer fai escasas semanas que, por primeira vez na historia, o galego xa non é a lingua máis falada na nosa terra, xunto coas novas alarmantes que levan soando décadas da ruptura da perda xeracional do idioma. Mocidade e ensino son dúas das chaves para entender esta situación Vostede, como profesora de ensino secundario e universitario, está en profundo contacto con estes factores. Cal é a súa interpretación desta situación? E, como docentes, que se pode facer para revertela? Fóra da docencia, cales serían as chaves desta situación?

É preocupante e responde a causas complexas. Ao non ser experta en sociolingüística remítome ás análises de persoas que estudan a cuestión, como Henrique Monteagudo. Hai causas estruturais, relacionadas co contacto desigual entre dúas linguas cando unha ten ou é percibida como de maior potencia, e o descenso está ocorrendo tamén en Cataluña e no País Vasco onde hai políticas autonómicas a favor do catalán e o éuscaro, o que non sucede en Galicia; asemade en Irlanda, o inglés avanza comendo terreo ao gaélico. Hai causas de xestión política, como o malfadado decreto do trilingüismo. E tamén causas relacionadas coas representacións sociais, pois aínda non é común contemplar o galego como un patrimonio, como un tesouro. Mais, na perspectiva do pensamento crítico, as persoas temos nas nosas mans mudar as situacións sociais; temos que exercer colectivamente ese poder.

—Recentemente foi galardoada co Premio Nacional de Narrativa de España polo seu libro *As malas mulleres*. Esta nova enmárcase nun contexto no que levamos seis anos nos que dezaseis Premios Nacionais de Cultura foran parar a autores e autoras

galegas, repartidos en poesía, narrativa, ensaio, tradución... Que significa para vostede este recoñecemento? Tendo en conta que a súa obra xa contaba con múltiples premios do sistema literario galego, considera que houbo un antes e un despois no seu traballo, tras este galardón?

É pronto para dicilo. Certamente o que si puiden experimentar nestes poucos meses desde o premio nacional é que persoas de Galicia que non leran a novela están léndoa –houbo dúas reimpresións nestes tres meses desde o premio– e lendo outros libros meus. En Galicia ten moita máis visibilidade a literatura escrita en castelán, e todos os recoñecementos axudan a que máis xente coñeza o que facemos. Creo que hai certo prexuízo cara á literatura escrita en galego, mesmo por parte de xente que fala galego mais, ao se fiar das recomendacións de xornais e revistas que só fan recensións de libros en castelán, len sobre todo en castelán, excepto autores moi coñecidos como Manuel Rivas. Quero dicir que raramente se propoñen ler un libro en galego dunha autora ou autor que non coñecen. Ten que ver coas representacións sociais que dicía arriba, unha certa desconfianza cara á cultura galega.

—Agora que ao seu libro, *As malas mulleres*, lle espera unha gran difusión, con que ollos quere que sexa lida a obra? Que lecturas considera fundamentais á hora de achegarse a esta novela?

Cunha ollada que se interese polas vidas e penalidades das xentes que non importaron a ninguén. Cada libro pode ser lido en por si, e ao mesmo tempo escribimos, eu especialmente, en diálogo coas escritoras e escritores que escribiron antes. No canto de recomendar libros anteriores, suxeriría ler *Pecados veniais*, de Nazaré López, que se achega ás vidas das mulleres con moito humor e certa rabia, *Ninguén dorme*, de Rexina Vega sobre persoas que viven nas marxes, ou *Días de intemperie*, de Antón Riveiro Coello, en contextos de guerra.

—Aliás da relevancia de seu que ten o galardón, é especialmente simbólico o feito de que nos corenta e cinco anos que leva a celebración, sexa vostede a cuarta muller en recibilo. Que valoración fai disto?

Houbo poucas antes, mais non tres; son a sexta muller. Entre 1950 e 1974, cando se chamaba Miguel de Cervantes, tres mulleres (Concha Espina, Carmen Laforet, Ana María Matute) e 20 homes. A partir de 1977 co nome de premio

nacional de narrativa, 39 a homes (37 homes, mais dous o recibiron 2 veces) e seis mulleres: Carmen Martín Gaité (1978), Carme Riera (1995), Cristina Fernández Cubas (2016), Almudena Grandes (2018), Cristina Morales (2019) e mais eu en 2022. Certo que as catro últimas son nos últimos seis anos. A narrativa é un campo moi masculino, como sinalaron nos días da concesión Berta Dávila e Inma López Silva; eu creo que por ese tempo continuado ao que me refería antes. Pódese sinalar tamén que son a primeira muller de Galicia en recibilo, despois de Alfredo Conde, Manuel Rivas, Suso de Toro e Xesús Fraga; sen contar a autores nados en Galicia que escribiron en castelán.

—**Así mesmo, no momento do seu ingreso na Real Academia Galega no ano 2017, foi a sétima muller en ingresar, tal e como apuntou Fina Casalderrey. Como muller que foi abrindo camiño nun monte dominado polo xénero masculino, cales cre que son os muros**

que quedan por derribar? Valora positivamente o camiño avanzado nestas décadas?

Quedan moitos teitos, quedan, que fomos rompendo coa cabeza, aínda levamos as cicatrices. Hai que valorar os avances, na última década mudou a ollada, o feminismo forma parte dos discursos *mainstream*, os libros lense cunha ollada distinta. Na RAG, coa entrada en poucas semanas de María López Sández seremos nove mulleres de 30, unha proporción que non se dá en ningunha outra academia. Espero que chegaremos á metade nalgún momento.

—**Por último, quereríamos saber se xa ten entre mans algún novo proxecto que suceda a esta novela.**

Estaba comezando unha novela cando o 25 de outubro o premio nacional chegou e meteume un ritmo vertixinoso. As novelas precisan calma e atención continuada. Daquela, en estado de turbulencia, escribo poemas.